
Catalpa bignonioides Walter, 1788

- catalpa
- catalpa, árbol de las trompetas, a. indio
- katalpa arrunta
- catalpa
- southern catalpa
- catalpa, árvore de trombeta



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Lamiales**	**Bignoniaceae**	***Catalpa***

ORIXE

Sueste dos Estados Unidos.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de crecemento rápido. Follas grandes (10-20 cm), en forma de corazón, opostas ou en verticilos de tres, verde claro pola face e pubescentes polo envés, cunha cor característica ao mazalas e tornándose amarelas no outono. Abundantes panículas erguidas de flores brancas, acampanadas, con manchas amarelas e púrpuras no interior. Os froitos son vaíñas longas e colgantes (30-40 cm), parecidas ás dos feixóns verdes, que conteñen sementes aladas.

HÁBITAT

Beiras de ríos e bosques caducifolios, preferindo lugares solleiros ou de sombra parcial, solos frescos, húmidos e fértiles.

DISTRIBUCIÓN

Sueste dos Estados Unidos., Canadá e Europa.

CURIOSIDADES

É sorprendentemente resistente ao frío (pode soportar ata -29ºC) e tolera ben a seca ambiental e a contaminación urbana, o que explica o seu uso frecuente en rúas e parques.